

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/20

CENTRO: IES POETA AÑÓN.

CURSO: 4º ESO.

MATERIA: ECONOMÍA

DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA.

DATA: MAIO 2020.

A stylized, blue, cursive signature or logo that appears to be the word 'Añón' written in a fluid, artistic script.

Instrución do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Criterios e estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
 - 1.1. Criterios e estándares de aprendizaxe imprescindibles.**
 - 1.2. Criterios e estándares de aprendizaxe desenvoltos no terceiro trimestre.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1.1. Estándares de aprendizaxe imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos.	Comprende e utiliza correctamente diferentes termos da área da economía
Tomar conciencia dos principios básicos da economía que se aplican nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e necesidades.	Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.
Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado,	Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e gastos do Estado
Analizar as características principais do proceso produtivo.	Indica os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.
Describir os diferentes tipos de empresas e formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as súas esixencias de capital.	Distingue as diferentes formas xurídicas das empresas.
Identificar as fontes de financiamento das empresas.	Explica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interna.

<p>Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os diferentes tipos de ingresos e gastos, controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.</p>	<p>Elabora e realiza un seguimento a un orzamento ou plan financeiro personalizado, identificando cada un dos ingresos e gastos</p>
<p>Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os diferentes tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pago valorando a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas bancarias . 2. Valora e comproba a necesidade de ler detidamente os documentos que presentan os bancos, así como a importancia da seguridade cando a relación se produce por internet. 3. Identifica e explica as distintas modalidades de tarxetas que existen, así como o esencial da seguridade cando se opera con tarxetas.

1.2. Estándares de aprendizaxe desenvoltos no terceiro trimestre

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma.
Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e manexar o aforro como medio para alcanzar diferentes obxectivos.	Coñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.
Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigacións fiscais.	Identifica as obrigacións fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.
Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade	Identifica e diferencia os diferentes tipos de seguros segundo os riscos ou situacións adversas nas diferentes etapas da vida
Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e o medio ambiente	Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>-Seguimento do traballo individual do alumnado.</p> <p>-Probas ou material presentados polo profesorado.</p> <p>-Revisión constante das tarefas propostas.=Seguimento do traballo individual do alumnado.- Foros de dúbidas .- Rubrica do traballo feito.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>-Traballo individualizado co probas escritas.</p> <p>- interacción continua de alumno-profesor a través do correo individual.</p> <p>- Corrección personalizada dos exercicios por parte do profesor e da comunicación de posibles dúbidas a través de correo institucional que os profesores de dita materia teñen a disposición dos alumnos, da aula virtual e web do centro, e abalar, cos padres.</p>
Cualificación final	<p>1. Alumnado co avaliacións suspensas: Só contidos de repaso para recuperar a materia.. O alumnado co materias pendentes (da igual que sexa a 1ª, a 2ª ou as dúas) terá que realizar OBLIGATORIAMENTE as actividades indicadas. Terase en conta: material completo, repasado os contidos estudados 80% e presentalo no prazo indicado, este será o máis amplo posible.20%. (Neste último apartado, farase inca pé nas competencias Aprender a Aprender, sentido de iniciativa e autonomía).</p> <p>2. Alumnado coas dúas cualificacións aprobadas: A súa cualificación final farase coa media das dúas avaliacións xa realizadas e, a realización dun plan de traballo. Pódese subir a nota final, mais esta subida non será automática, terase en conta:</p> <p>1. Presentación... 20% 2. Traballo ben realizado...60% 3. Entrega no prazo indicado...20% A subida de nota pode ser de 1 o 2 puntos</p>
Proba extraordinaria de setembro	A proba estará baseada nos estándares imprescindibles dos primeiros trimestre. Será presencial o telemática segundo as circunstancias o permitan
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Criterios de cualificación: Para o alumnado de Pendentes da ESO a programación contemplaba un plan de traballo específico coa entrega de actividades adaptadas ao nivel a superar. Xa lles foron entregadas ao</p>

principio de curso para organizarlles o traballo e repaso da materia. O seguimento e avaliación deste plan é realizado polo profesorado que lle imparte docencia, facéndose do mesmo xeito que na materia do nivel actual

Criterios de cualificación:

Os alumnos que xa entregaran o plan de traballo, enténdese que ten a **materia recuperada**, os que **non, deben facer un exame virtual**. As datas serán establecidas pola dirección do centro. Neste caso a data é: **MERCORES 20. 3ª HORA**.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Tarefas e traballos presentados, exames parciais, ..., proba final : 20 de maio 2020.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Mentres dure a situación de docencia non presencial, o alumnado seguirá un plan de traballo orientada a REFORZAR E REPASAR os contidos e aprendizaxes traballados ata a data da suspensión das clases presenciais de aquel alumnado co algunha materia suspensa e de AMPLIACION das COMPETENCIAS adquiridas ou en vías por parte dos alumnos co materias.</p> <p>As actividades tipo son, para os dous grupos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Definicións: Macro. Microeconomía. Iban. Rexistro mercantil....Recuperación. Repaso. 2. Completar frases sobre aspectos económicos .Recuperación .Repaso 3. Esquemas: o diñeiro. Recuperación, repaso, reforzo 4. Diferenciar: tarxetas crédito/débito. Ampliación 5. Informes.: Sanidade Pública. Ampliación 6. Completar cadros: decisións económicas. Recuperación. Repaso 7. Verdadeiro/falso. Recuperación. Reforzo 8. Indicar elementos: Nómina .Recuperación. Reforzo 9. Interpretar imaxes. Ampliación. 10. Calcular indicadores de poboación (paro, actividade...)Ampliación 11. Reclamacións aos bancos Ampliación. 12. Lectura e resumen de artigos: 15 datos sobre a inflación. C. López. Ampliación. Entre outras actividades.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>A idea máis importante deste plan de traballo é o seguimento individualizado Os alumnos reciben na Aula Virtual o páxina web do centro unhas tarefas co un prazo amplo. Eles envían as súas respostas e reciben un correo individualizado onde a profesora establece os erros, os acertos e aqueles aspectos que deben coidar na próxima vez. Calquera dúbida o alumno envía un correo, utilizado so para alumnos e profesora: historiaoutes@gmail.com.</p> <p>Como marco xeral, o profesor ten a disposición de alumnos, centro, xunta, concello, o mesmo material nun arquivo para aqueles alumnos sen conectividade. Ninguén alumno de economía ten este problema.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto, Blogs de profesores de economía. Youtube, Artigos de prensa, Material elaborado pola profesora.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado, serán os mesmos canles que para o envío e control das actividades :Aula Virtual, páxina web do centro, correo electrónico e Abalar
Publicidade	O Departamento de Xeografía e Historia, expoñerá a adaptación da programación didáctica de Economía, na páxina web, na área de departamento, al lado da programación do curso 2019-20, xa exposta.

NOTA: Na memoria do final de curso o Departamento valorará os estándares traballados polos alumnos na terceira avaliación. Co data de 12 de Maio é imposible coñecer o alcance da materia impartida, nesta situación tan complicada

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFIA E HISTORIA.

IES POETA AÑÓN. MAIO 2020.